

De conformidad con lo previsto en el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, se les advierte a los contribuyentes que la falta de pago del canon del agua en período voluntario señalará su exigencia directamente al contribuyente por la vía de apremio por la consellería competente en materia de Hacienda de la Xunta de Galicia. La repercusión del canon del agua podrá ser objeto de reclamación económico-administrativa ante el órgano correspondiente de la Comunidad Autónoma de Galicia, en el plazo de un mes desde la publicación de este anuncio en el BOP.

A Teixeira, 15 de marzo de 2018. El alcalde.

Fdo.: Miguel A. Cid Álvarez.

R. 880

Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Anuncio da convocatoria para a contratación do persoal laboral temporal que se indica a continuación segundo as bases aprobadas por Decreto da Presidencia con data 15.03.2018.

Número de prazas: 1

Modalidade de contratación: contrato por obra ou servizo.

Duración do contrato: ata o 31 de decembro de 2018.

Denominación do posto: educador social.

Prazo e lugar de presentación das solicitudes:

No prazo dos 5 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Ourense; no Rexistro Xeral da Mancomunidad, na r/ Cancelón, 1, 32600 Verín (Ourense), en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Exposición das bases: o texto completo das bases está publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad (www.mancoverin.es).

Os anuncios sucesivos publicaranse exclusivamente no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Verín. (www.mancoverin.es).

O presidente. Asdo.: José Luis Suárez Martínez

Mancomunidad de Municipios de la Comarca de Verín

Anuncio de convocatoria para la contratación del personal laboral temporal que se indica a continuación, según las bases aprobadas por Decreto de la Presidencia de fecha 15.03.2018.

Número de plazas: 1

Modalidad de contratación: contrato por obra o servicio.

Duración del contrato: hasta 31 diciembre 2018.

Denominación del puesto: educador social.

Plazo y lugar de presentación de las solicitudes:

En el plazo de 5 días hábiles a partir del siguiente al de la publicación del anuncio de la convocatoria en el BOP de Ourense; en el Registro General de la Mancomunidad en la calle Cancelón, 1, 32600 Verín (Ourense), en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Exposición de las bases: el texto completo de las bases está publicado en el tablón de anuncios y en la página web de la Mancomunidad (www.mancoverin.es).

Los anuncios sucesivos se publicarán exclusivamente en el tablón de anuncios y en la página web de la Mancomunidad de Municipios de la Comarca de Verín. (www.mancoverin.es)

El presidente. Fdo. José Luis Suárez Martínez.

R. 882

V. TRIBUNALIS E XULGADOS

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Xulgado de 1ª Instancia n.º 6

Ourense

Edicto

NIX: 32504 42 1 2015 0002899

Expediente de dominio. Continuación do tracto 742/2015

Sobre: expediente de dominio. Continuación do tracto

Demandantes: don Claudio Vázquez Conde e dona Carmen González Rey

Procuradora: dona Ana María Crespo Damota

Avogada: dona María Belén Romero López

Dona Raquel Blanco Pérez, letrada da Administración de Xustiza do Xulgado de 1ª Instancia n.º 6 de Ourense, fago saber:

Que neste órgano xudicial se segue o expediente de dominio, continuación do tracto 742/2015, a instancia de don Claudio Vázquez Conde e dona Carmen González Rey, expediente de dominio dos seguintes predios:

“I. Soar, sito na avenida de Zamora, sinalado co número cento vinte e sete (actual número 105), desta cidade e municipio de Ourense, cunha superficie de cento vinte e tres metros cadrados. Os seus lindeiros son: ao norte, dona Concepción, dona Emilia e don Inocencio Travieso Feijóo; ao sur, máis de dona Concepción, dona Emilia e don Inocencio Travieso Feijóo; ao leste, máis propiedade dos señores Travieso Feijóo; e ao oeste, que é a fronte, a avenida de Zamora.

II. Sobre o predio ou soar previamente descrito, ocupando deste, na planta baixa, a superficie de cen metros con oitenta decímetros cadrados, o señor comparecente, con recursos propios, e segundo manifesta, sen que deba cantidade ningunha por ningún concepto, con proxecto e baixo a dirección dos arquitectos en exercicio nesta cidade don Francisco J. Gómez e don Alfredo Felices Huarte, levou a cabo a construción dun edificio, composto de planta baixa, a local, e catro plantas de piso con destino a vivendas, a razón dunha por planta ou piso; as características deste edificio resultan, con amplo detalle, de certificación expedida polos nomeados arquitectos, a cal se xuntará á primeira copia desta escritura, para os efectos oportunos.

Manifesta que o referido edificio consta, ademais, do correspondente faiado ou oco baixo a cuberta.

III. Predio número catro. Vivenda, sita na planta terceira de pisos. Mide a superficie construída de cento trece metros con noventa e nove decímetros cadrados, sendo a útil de oitenta metros con trinta e sete decímetros cadrados. Consta dos seguintes servizos e dependencias: vestíbulo, corredor de comunicación, estar-comedor, tres dormitorios, cociña, cuarto de baño e armarios encaixados. O seus lindeiros son: ao norte, coa caixa de escaleiras do edificio e con propiedade de dona Concepción, don Emilio e don Inocencio Travieso Feijóo; ao sur, de dona Concepción Travieso Feijóo; ao leste, co terreo sobrance do edificio anexo ao predio número un; e ao oeste, coa avenida de Zamora. Linda, ademais, polo leste e polo sur, coa caixa das escaleiras do edificio.”.

Por medio deste edicto, e en virtude do que se acordou en resolución desta data, convócanse as persoas ignoradas ás que lles puidese prexudicar a inscrición solicitada, así como á Comunidade de Propietarios da rúa García Ferreiro de Ourense para que, no termo dos dez días seguintes á publicación deste edicto poidan comparecer no expediente e alegar o que proceda en Dereito.

Ourense, 31 de xaneiro de 2018. A letrada da Administración de Xustiza.